



FÚTBOL
PROFESIONAL
FEMININO

REGULAMENTO DE CONTROL ECONÓMICO

EDICIÓN OUTUBRO 2024

PREÁMBULO

De acordo co disposto no artigo 95 da Lei 39/2022, do deporte, as ligas profesionais exercen, entre outras, as seguintes competencias respecto á organización das competicións:

“b) Fixar as condicións económicas e, de ser o caso, societarias ou asociativas, para a participación e o mantemento na respectiva competición profesional en función das necesidades da propia organización e das garantías de solvencia da competición fronte a terceiras persoas que poidan asumir obrigas. Estas condicións deberán respectar os criterios que sobre a materia determine a normativa de defensa da competencia.

As ligas profesionais aprobarán un plan de control económico, cumprindo os termos e criterios que determine o Consello Superior de Deportes, que preveña a insolvencia das entidades deportivas que participan na competición. O devandito plan incorporará mecanismos de fiscalización económica nos termos que establezan os seus estatutos e regulamentos internos.

Entre estas condicións debe incluírse, necesariamente, estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, deportistas, técnicos e demais empregados, así como coas entidades deportivas participantes.

A certificación do cumprimento das obrigas tributarias farase segundo o establecido no artigo 74 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo. O incumprimento destas condicións determinará a exclusión da competición da entidade.

c) Desempeñar, respecto dos seus integrantes, as funcións de tutela, control e supervisión establecidas na Lei do deporte e nas súas normas de desenvolvemento ou estatutarias.”

Así mesmo, o artigo 4 dos Estatutos Sociais atribúe a Liga F, entre outras, as seguintes funcións:

“b) Desempeñar, respecto dos seus membros, as funcións de tutela, control e supervisión, establecendo verbo diso as normas e criterios para a elaboración dos seus orzamentos e supervisando o cumprimento destes.

c) Exercer a potestade disciplinaria nos casos previstos nas leis, regulamentos e nos seus estatutos.

...

j) Recoller datos, analizar e/ou realizar informes sobre a situación actual dos seus clubs e das instalacións onde os equipos femininos destes practican o fútbol e desenvolven os seus adestramentos, co fin de determinar as melloras e os fitos que se deben acadar en prazos determinados para garantir os estándares da competición.”

Neste Regulamento establécense como mecanismos iniciais do control económico, por un lado, a obriga dos membros de Liga F de elaborar os seus orzamentos consonte determinadas regras e criterios e de sometelos á verificación e aprobación de Liga F,

de xeito que estean equilibrados, e, por outro, a esixencia de que os membros de Liga F cumpran estritamente coas súas obrigas de pagamento fronte a deportistas, empregados, administracións públicas e demais membros da asociación.

CAPÍTULO PRIMEIRO DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1. NATUREZA.

1. O Regulamento dítase no marco das competencias de tutela, control e supervisión dos seus asociados que a Lei do deporte e o artigo 4.1.b) dos Estatutos Sociais atribúen a Liga F.
2. O Regulamento é de cumprimento obrigatorio para todos os asociados de acordo co disposto no artigo 11 dos Estatutos Sociais.
3. O incumprimento do Regulamento será sancionado consonte o disposto estatutaria e regulamentariamente.

ARTIGO 2. ÁMBITO SUBJECTIVO DE APLICACIÓN.

O Regulamento aplícase a todos os asociados, con independencia da súa respectiva natureza xurídica.

ARTIGO 3. FINALIDADE E OBXECTIVO DO REGULAMENTO.

Este Regulamento ten como finalidade establecer un marco normativo autorregulatorio para o control económico dos asociados co obxectivo de asegurar a viabilidade, sostibilidade e continuidade dos asociados e, en definitiva, para o propósito último de contribuír ao desenvolvemento do fútbol profesional feminino en España.

ARTIGO 4. MECANISMOS DO CONTROL ECONÓMICO.

1. O control económico dos asociados obxecto deste Regulamento levarase a cabo mediante os seguintes mecanismos:
 - a) Establecer as **reglas, criterios e procedemento para a elaboración de orzamentos específicos dos asociados**, destinados á comprobación *a priori* do cumprimento do punto de equilibrio nos seus orzamentos anuais elaborados de acordo coas devanditas regras e criterios.
 - b) A **revisión, verificación, axuste e validación** dos orzamentos polo órgano de Liga F competente.
 - c) As **obrigas de información e verificación** complementarias.
 - d) A comprobación da obriga dos asociados de **estar ao día no pagamento** dos compromisos que estes adquirisen coas administracións públicas, cos empregados e cos demais membros de Liga F.
 - e) A presentación das contas anuais e demais información económico-financeira e a súa valoración para os efectos de establecer medidas correctoras de desequilibrios ou riscos desta natureza.

2. Estes mecanismos aplicaranse sen prexuízo das obrigas dos asociados que se establecen estatutaria e regulamentariamente.

ARTIGO 5. CONFIDENCIALIDADE.

As informacións, datos e documentos que os asociados faciliten a Liga F en cumprimento deste Regulamento terán carácter confidencial, sen prexuízo das obrigas que se deriven dos requirimentos de información dos órganos xudiciais e administrativos.

ARTIGO 6. ANEXOS.

Os Anexos forman parte integral do Regulamento e teñen o seu mesmo valor normativo.

ARTIGO 7. CONTABILIDADE SEPARADA.

De acordo co artigo 64 da Lei do deporte, as entidades deportivas que contén con varias seccións deportivas levarán unha contabilidade que permita diferenciar as operacións referidas a cada unha delas con independencia á súa integración nas contas anuais da entidade.

Entenderase por sección deportiva cada unha das divisións organizativas dun club deportivo ou sociedade anónima deportiva que, estando integrada por membros dese club ou sociedade e dentro da súa organización, desenvolva unha práctica deportiva federada nalguna modalidade e/ou especialidade deportiva concreta. As seccións deportivas dun club poderanse definir por modalidade/especialidade e sexo.

CAPÍTULO SEGUNDO

DOS ORZAMENTOS E DEMAIS INFORMACIÓN QUE DEBEN ELABORAR E PRESENTAR OS ASOCIADOS

Sección primeira

Orzamentos e información complementaria

ARTIGO 8. DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBE PRESENTAR.

1. Os asociados están obrigados a elaborar e presentar ante Liga F, dentro dos prazos que se indican máis adiante e en cada tempada en curso (tempada "T"), os seguintes documentos:
 - a) Os distintos **orzamentos** que se indican a continuación, coas específicas estruturas, contidos, formatos e requisitos que se establecen para cada un deles.
 - b) A **Memoria Explicativa**.
 - c) A **Declaración Responsable Orzamentos**.
2. Os orzamentos que os asociados están obrigados a elaborar e presentar son os seguintes:

- a) O Orzamento de Ingresos e Gastos.
 - b) O Orzamento de Investimentos e Desinvestimentos.
 - c) O Orzamento de Financiamento.
 - d) O Orzamento de Tesouraría.
3. Xunto cos referidos orzamentos, os asociados deberán presentar un balance estimado ao peche da mesma tempada á que se refiren os orzamentos.
 4. A Comisión Delegada, por proposta da Dirección Xeral, poderá acordar variacións na documentación que se debe presentar, así como eximir da presentación de determinada documentación respecto dos asociados que pertencesen a outras Ligas Profesionais.
 5. Liga F poderá facer as verificacións oportunas para comprobar a veracidade da información achegada.

ARTIGO 9. ORZAMENTO ANUAL.

Os orzamentos que os asociados quedan obrigados a elaborar e presentar comprenderán unha tempada futbolística completa (12 meses), é dicir, entre o un (1) de xullo e o trinta (30) de xuño do ano seguinte.

ARTIGO 10. NATUREZA DOS ORZAMENTOS.

Os orzamentos deben elaborarse de acordo coas normas e criterios establecidos para tal efecto por Liga F, coa finalidade de que se poidan exercer as funcións do control económico por parte de Liga F, e son independentes dos que, de ser o caso, os asociados deban preparar de acordo con outras normas legais ou para cumprir esixencias estatutarias ou contractuais.

ARTIGO 11. ESTRUCTURA E FORMATO DOS ORZAMENTOS.

1. Os distintos orzamentos que deben elaborar e presentar os asociados axustaranse na súa estrutura, contido, formato e detalle das correspondentes partidas orzamentarias ás previsións contidas nos seguintes Anexos a este Regulamento:
 - a) Anexo I: O Orzamento de Ingresos e Gastos.
 - b) Anexo II: O Orzamento de Investimentos e Desinvestimentos.
 - c) Anexo III: O Orzamento de Financiamento.
 - d) Anexo IV: O Orzamento de Tesouraría.
2. Os Anexos I a IV antes referidos constitúen tamén os modelos normalizados para a presentación dos respectivos orzamentos.

Sección segunda

Regras adicionais da estrutura e contido dos diferentes orzamentos

ARTIGO 12. ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS (ANEXO I).

As diferentes partidas e subpartidas que integran o Orzamento de Ingresos e Gastos

describíense no Anexo I.

ARTIGO 13. ORZAMENTO DE INVESTIMENTOS E DESINVESTIMENTOS (ANEXO II).

O Orzamento de Investimentos e Desinvestimentos distinguirá os investimentos que polo seu importe respectivo se estime realizar na adquisición de:

- a) Dereitos federativos de xogadoras do primeiro equipo feminino
- b) Resto de inmovilizado:
 - (i) Inmaterial.
 - (ii) Material deportivo (estadio, cidade deportiva, etc.).
 - (iii) Resto de inmovilizado material.
 - (iv) Investimentos financeiros do Grupo.
 - (v) Investimentos financeiros fóra do Grupo.
 - (vi) Resto do inmovilizado financeiro.

ARTIGO 14. O ORZAMENTO DE FINANCIAMENTO (ANEXO III).

1. O **Orzamento de Financiamento** deberá detallar, tanto na obtención de financiamento como na devolución deste, as correspondentes fontes polas seguintes categorías, indicando o importe respectivo:
 - a) Entidades de crédito.
 - b) Persoas físicas ou xurídicas vinculadas ao asociado ou pertencentes ao mesmo grupo de empresas.
 - c) Outras fontes de financiamento diferentes das anteriores.
2. Así mesmo, o Orzamento de Financiamento deberá detallar a concreta natureza ou modalidade das distintas operacións de financiamento procedentes de entidades de crédito: préstamos, pólizas de crédito, liña de avais, desconto comercial ou financeiro, *factoring*, etc.

ARTIGO 15. ORZAMENTO DE TESOURARÍA (ANEXO IV).

1. O **Orzamento de Tesouraría** presentarase mensualmente.
2. Deberá incluír de maneira separada os cobramentos e os pagamentos derivados:
 - a) Dos ingresos e gastos contemplados no Orzamento de Ingresos e Gastos.
 - b) Das operacións previstas no Orzamento de Investimentos e Desinvestimentos, así como os impostos que graven como suxeito pasivo o asociado devindicados como consecuencia da realización e execución das operacións de investimento ou desinvestimento (IRPF, IVE...).
 - c) Do Orzamento de Financiamento.
 - d) Do cumprimento das obrigas recoñecidas ou que deban recoñecerse no balance de situación que se peche na fin da tempada T-1, con excepción das partidas incluídas no Orzamento de Financiamento.

Sección terceira
Memoria Explicativa e Declaración Responsable

ARTIGO 16. MEMORIA EXPLICATIVA.

1. Os orzamentos que se presenten a Liga F deberán ir acompañados dunha **Memoria Explicativa** na que se recollerán as bases e asuncións fundamentais que sustentan os devanditos orzamentos e se consignarán e describirán os riscos que poden afectar os resultados futuros do asociado.
2. A Memoria Explicativa presentarse no modelo normalizado do Anexo V.

ARTIGO 17. DECLARACIÓN RESPONSABLE ORZAMENTOS.

Xunto coa Memoria Explicativa presentarse unha **Declaración Responsable** subscrita polo representante autorizado do asociado na que se fará constar:

- a) Que os orzamentos presentados se elaboraron de acordo coas regras e principios establecidos neste Regulamento.
- b) Que, segundo o seu leal saber e entender, as operacións, actos e negocios xurídicos que configuran os orzamentos cumpren a normativa xurídica vixente.
- c) Que a información facilitada é completa e que o asociado non coñece circunstancias de calquera natureza (económica, xurídica ou deportiva) que supoñan unha modificación significativa das bases e hipóteses tomadas en consideración para a elaboración dos orzamentos.
- d) Que os orzamentos e demais información presentada foron aprobados polo Presidente, Conselleiro Delegado, Director Xeral ou cargo similar do asociado, (identificándoo nominalmente).
- e) A Declaración Responsable Orzamentos formularase no modelo normalizado Anexo VI.

Sección cuarta

Prazos de presentación dos orzamentos, Estimación de Balance, Memoria Explicativa e Declaración Responsable.

ARTIGO 18. PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS ORZAMENTOS, MEMORIA EXPLICATIVA E DECLARACIÓN RESPONSABLE.

1. Os orzamentos, a Memoria Explicativa, a Estimación de Balance e a Declaración Responsable para a tempada “T” presentaranse ante Liga F nun prazo que concluirá o día trinta e un (31) de maio da tempada precedente (T-1).
2. Os Clubs e/ou SAD que sexan admitidos en Liga F con posterioridade a esa data disporán dun prazo de quince (15) días a partir da data de notificación da súa admisión para a presentación dos orzamentos e demais información prevista neste capítulo.

Sección quinta

Principios, criterios e regras de valoración das distintas partidas que integran os orzamentos

ARTIGO 19. CRITERIOS E REGLAS PARA A VALORACIÓN DAS DISTINTAS PARTIDAS QUE INTEGRAN OS ORZAMENTOS.

A contía, a valoración e os límites das distintas partidas que integran o Orzamento de Ingresos e Gastos calcularanse de acordo coas regras e criterios que se establezan para ese efecto.

ARTIGO 20. PRINCIPIOS DE APLICACIÓN.

Toda a información económico-financeira, incluída a prospectiva, presentada polos asociados nos seus orzamentos e memorias explicativas –e en xeral calquera información que resulte do presente Regulamento– deberá cumprir, sen prexuízo da aplicación das regras e criterios establecidos, os principios xerais de contabilidade.

Sección sexta

Obriga de cumprimento dos puntos de equilibrio orzamentario.

ARTIGO 21. OBRIGA DE CUMPRIMENTO DO PUNTO DE EQUILIBRIO ORZAMENTARIO.

Os diferentes orzamentos elaborados e presentados polos asociados deberán cumprir os respectivos requisitos de equilibrio orzamentario (puntos de equilibrio orzamentario), tal como se definen no presente Regulamento.

ARTIGO 22. PUNTO DE EQUILIBRIO DO ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS.

Para os efectos deste Regulamento, considérase que o asociado cumpre o punto de equilibrio no Orzamento de Ingresos e Gastos cando os ingresos orzamentados –e, de ser o caso, axustados pola Dirección Xeral–, sexan de contía igual ou superior á dos gastos.

ARTIGO 23. PUNTO DE EQUILIBRIO DO ORZAMENTO DE TESOURARÍA.

1. O Orzamento de Tesouraría deberá estar equilibrado de acordo coas asuncións e hipóteses nas que se basee, respectando as disposicións contidas no presente Regulamento.
2. Entenderase que o Orzamento de Tesouraría está equilibrado cando presente un saldo positivo na tesouraría do asociado ao inicio e ao final do exercicio da tempada.

Sección sétima

Da aceptación e validación dos orzamentos

ARTIGO 24. ACEPTACIÓN E VALIDACIÓN DOS ORZAMENTOS. COMPETENCIA.

1. A competencia para a aceptación e validación dos orzamentos recae na Dirección Xeral de Liga F ou en quen esta delegue.
2. A Dirección Xeral aceptará e validará os orzamentos presentados que cumpran tanto as regras de valoración como os puntos de equilibrio orzamentario. Non se aceptarán orzamentos que non se presenten no formato que se prevé neste Regulamento.
3. Concederáse aos asociados un prazo de emenda para a corrección de erros e/ou omisións de carácter material.

ARTIGO 25. ORZAMENTO ALTERNATIVO.

1. A Dirección Xeral poderá requirir que se presente por parte do asociado unha alternativa do orzamento coas hipóteses e bases que se sinalen de forma específica e estime conveniente, á marxe da versión do orzamento que presentase o asociado.
2. No caso de que resolva no sentido indicado, o asociado requirido deberá presentar o orzamento alternativo no prazo de dez (10) días desde a data de notificación de tal requirimento.

ARTIGO 26. PRAZO PARA A VALIDACIÓN DOS ORZAMENTOS PRESENTADOS.

1. A resolución sobre a validación dos orzamentos presentados será dentro dun prazo que rematará o día trinta (30) de xuño da tempada T-1 como norma xeral.
2. No caso dos Clubs e SAD que na tempada T-1 non formasen parte de Liga F, a resolución sobre a validación será nos sete (7) días seguintes ao da presentación dos orzamentos por parte do Club ou SAD.
3. No caso de que os orzamentos presentados non sexan validados, requiriranse ao asociado as explicacións, xustificacións e documentación complementarias que se estimen oportunas e seguirase o procedemento de axustes previsto no presente regulamento.
4. Estas explicacións, xustificacións e documentación complementarias poderán facilitarse nunha comparecencia ante a Dirección Xeral. Os orzamentos non validados poderán ser modificados e axustados pola Dirección Xeral de acordo coas regras establecidas.

Sección oitava

Dos axustes aos orzamentos presentados

ARTIGO 27. AXUSTES DE VALORACIÓN DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS POR NON CUMPRIR AS REGRAS E CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Unha vez recibidas as explicacións, xustificacións e documentación complementarias requiridas ao asociado, procederase, de ser o caso, a efectuar os axustes de valoración das partidas correspondentes para adecuar estas valoracións aos principios xerais e ás regras e criterios específicos establecidos para o cálculo do valor de cada partida orzamentaria.

ARTIGO 28. AXUSTES DE VALORACIÓN DAS PARTIDAS ORZAMENTARIAS DERIVADAS DA FALTA DE RAZOABILIDADE DAS BASES E HIPÓTESES TOMADAS EN CONSIDERACIÓN PARA A SÚA ELABORACIÓN.

1. A Dirección Xeral poderá levar a cabo axustes nos valores contidos nos orzamentos presentados polos asociados cando conorra a **non razoabilidade** das hipóteses que sustenten os orzamentos, por falta ou insuficiencia da súa xustificación e/ou por non corresponder cos datos históricos do asociado.
2. A Dirección Xeral axustará a valoración das partidas orzamentarias afectadas aplicando as correspondentes hipóteses alternativas ás contempladas polo asociado e que estime máis razoables.

ARTIGO 29. AXUSTE DOS ORZAMENTOS VALIDADOS EN CASO DE NOVA INFORMACIÓN.

1. A Dirección Xeral poderá modificar en calquera momento os orzamentos xa validados, na medida que conste fidedignamente nova información que inflúa neles.
2. Esta nova información pode referirse a feitos ou circunstancias non coñecidos ou á comprobación de erros ou falsidades na información facilitada ou nos cálculos feitos polos asociados.

ARTIGO 30. NOTIFICACIÓN DOS AXUSTES ACORDADOS POLA DIRECCIÓN XERAL.

1. A Dirección Xeral notificará ao asociado a aceptación dos orzamentos cos axustes que resolverse aplicar aos orzamentos presentados, incluíndo un detalle das partidas axustadas e a motivación do axuste.
2. A validación do orzamento cos axustes acordados pola Dirección Xeral notificarase ao asociado no prazo dos dez (10) días seguintes á data na que o asociado facilitase a información, xustificación ou documentación complementaria requirida pola Dirección Xeral.

CAPÍTULO TERCEIRO

INFORMACIÓN SOBRE A COMPOSICIÓN E CUSTO DO CADRO DE PERSOAL DEPORTIVO

Sección primeira

Concepto de cadro de persoal deportivo

ARTIGO 31. CADRO DE PERSOAL DEPORTIVO.

Para os efectos deste capítulo, enténdese por cadro de persoal deportivo o integrado polas xogadoras e técnicos adscritos ao equipo que participe na competición profesional de fútbol feminino organizada por Liga F.

Sección segunda

Custo real do cadro de persoal deportivo da tempada T-1

ARTIGO 32. OBRIGA DE INFORMACIÓN DO CUSTO REAL DO CADRO DE PERSOAL DEPORTIVO DA TEMPADA T-1.

1. Os asociados deberán presentar ante a Dirección Xeral dentro dun prazo que comezará o día 1 de xullo e concluírá o día 10 de xullo de cada tempada un cadro resumo, segundo o modelo normalizado que se une como Anexo VII, no que farán constar o custo real do cadro de persoal deportivo incorrido durante a tempada T-1 e rexistrado nas correspondentes contas contables da devandita tempada T-1.
2. Nese cadro resumo incluírase a información relativa ao custo do cadro de persoal deportivo, que se proporcionará por conceptos de custo e de forma individual e nominal para cada xogadora e técnico que integre o devandito cadro de persoal deportivo.
3. Na información referida ao custo do cadro de persoal deportivo proporcionarase tamén o valor neto contable dos correspondentes dereitos federativos das xogadoras (e, de ser o caso, dos técnicos) de forma individualizada e nominal e que formasen parte do devandito cadro de persoal deportivo.

Sección terceira

Custo cadro de persoal deportivo da tempada

ARTIGO 33. OBRIGA DE INFORMACIÓN DO CUSTO DE CADRO DE PERSOAL DEPORTIVO DA TEMPADA T.

1. Ademais, no mesmo prazo establecido no artigo anterior, e co formato do modelo normalizado que se une como Anexo VIII, deberá presentarse polos asociados a mesma información contemplada no artigo anterior pero referida á tempada T.
2. Esta información do custo real do cadro de persoal deportivo deberá ser actualizada de acordo co disposto na seguinte sección.

Sección cuarta

Actualización do custo inicial de cadro de persoal deportivo

ARTIGO 34. ACTUALIZACIÓN DO CUSTO DE CADRO DE PERSOAL DEPORTIVO.

1. Así mesmo, os asociados están obrigados a informar sobre as variacións que de ser o caso se produzan no custo de cadro de persoal deportivo ao longo de cada

- tempada como consecuencia de altas ou baixas de compoñentes do cadro de persoal ou por modificacións das súas retribucións ou de calquera dos demais conceptos imputables ao devandito custo.
2. O custo inicial do cadro de persoal deportivo da tempada calculado segundo o disposto no artigo anterior irase actualizando de acordo cos aumentos ou diminucións dos distintos conceptos que integran o custo do cadro de persoal deportivo.
 3. En consecuencia, imputaranse ao custo de cadro de persoal deportivo polo seu respectivo signo os seguintes conceptos:
 - a) O custo individual de cada unha das xogadoras e técnicos do cadro de persoal,
 - b) O custo polos gastos e os ingresos xerados pola cesión temporal dos dereitos federativos de xogadoras e técnicos,
 - c) As variacións de custo inicial de cadro de persoal deportivo derivadas das modificacións contractuais acordadas con xogadoras e/ou técnicos, así como os custos consecuencia do remate por calquera causa da vixencia dos contratos de traballo de xogadoras e técnicos, e
 - d) En xeral, as variacións do importe de calquera dos conceptos que integran o custo de cadro de persoal deportivo.
 4. A información a que se refire este artigo facilitarase no mesmo formato que o previsto no artigo 33 (Anexo VIII) e no prazo de 10 días desde que se produza cada variación de custo do cadro de persoal deportivo.

CAPÍTULO CUARTO DO CONTROL ECONÓMICO A POSTERIORI

Sección primeira Valoración da situación económico-financeira

ARTIGO 35. OBRIGAS DE INFORMACIÓN.

1. Os asociados deberán presentar ante Liga F, independentemente da situación xurídica e patrimonial na que se atopen, a seguinte documentación:
 - a) As contas anuais formuladas polos administradores e os informes de auditoría destes.
 - b) Listaxe de débedas e créditos por actividades de transferencia e adquisición de dereitos federativos de xogadoras, de acordo co establecido no artigo 38 deste Regulamento.
 - c) Listaxe de débedas e créditos cos empregados, de acordo co establecido no artigo 39 deste Regulamento.
 - d) Listaxe de débedas coas administracións públicas correspondentes, así como os certificados emitidos por estas, de acordo co establecido no artigo 40 deste Regulamento.

- e) Carta de manifestacións indicativa de se se produciron feitos ou circunstancias de relevancia económica significativa desde a data de peche das contas anuais e ata a presentación.
2. A expresada documentación deberá presentarse no prazo e forma que acorde Liga F.
3. Liga F poderá facer as verificacións oportunas para comprobar a veracidade da información achegada.

ARTIGO 36. AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA.

A Dirección Xeral analizará e avaliará a documentación económico-financeira presentada polo asociado de acordo co previsto no artigo anterior co obxecto de determinar se dela se desprende razoablemente a existencia de desequilibrios desta natureza que poidan poñer en risco a viabilidade do asociado e a continuidade das súas operacións.

ARTIGO 37. MEDIDAS CORRECTORAS.

1. Os asociados nos que se comproben circunstancias indicativas dun desequilibrio económico-financeiro futuro deberán, por instancia da Dirección Xeral, propor medidas tendentes a corrixir os desvíos detectados nos prazos e condicións que para tal fin se lle concedan.
2. En ausencia de proposta polo asociado de medidas correctoras, a Dirección Xeral poderá emitir recomendacións concretas que, ao seu xuízo, poidan contribuír a corrixir o desequilibrio económico-financeiro.
3. Así mesmo, poderase requirir ao asociado que prepare e presente información adicional en calquera momento.
4. En todo caso, poderanse impoñer determinados fitos de carácter económico-financeiro que o asociado terá que acadar na execución dun plan de viabilidade que deberá preparar. Estes fitos poderanse esixir tanto ao final do período temporal ao que se refira o citado plan de viabilidade como en períodos intermedios.

Sección segunda

Das débedas con asociados, empregados e administracións públicas

ARTIGO 38. DAS DÉBEDAS CON OUTROS MEMBROS DE LIGA F E CLUBS.

1. Na data final cada semestre (31 de decembro e 30 de xuño) de cada tempada ningún asociado deberá ter débedas líquidas, vencidas e esixibles derivadas da adquisición ou cesión de dereitos federativos de xogadoras ou técnicos con calquera outro asociado ou Club ou Sociedade Anónima Deportiva membro da Liga F ou de calquera outra liga ou federación, sexa cal for o concepto destas.
2. Para os efectos deste Regulamento, enténdense por débedas derivadas da adquisición ou cesión de dereitos federativos as que se definen no Anexo IX.
3. Os asociados deberán cubrir unha listaxe das transferencias e adquisicións de dereitos federativos de xogadoras que se formalizasen no trimestre

correspondente, mesmo naqueles casos nos que non existan cantidades pendentes de pagamento por transferencias e adquisicións.

4. A listaxe das transferencias e adquisicións de dereitos federativos presentarase no formato que aprobo Liga F e incluirá, polo menos, a seguinte información:
 - a) Nome e apelidos da xogadora.
 - b) Data do contrato de transferencia ou cesión dos dereitos federativos.
 - c) Nome do Club ou entidade de procedencia.
 - d) Prezo da transferencia do dereito federativo ou cesión temporal.
 - e) Outros gastos ou débedas asumidas polo adquirente ou cesionario con ocasión da transferencia ou cesión temporal.
 - f) Cantidade liquidada e data de pagamento.
 - g) Saldo relativo a cada adquisición de xogadoras pendente de pagamento e data de pagamento acordada.
 - h) Importes condicionais (bonificacións por cumprimento de obxectivos) previstos no contrato de adquisición/cesión pendentes de cumprirse.
 - i) Litixios ou outras situacións xurídico-legais que poidan afectar o pagamento da transferencia ou cesión de dereitos federativos, incluídas as contempladas na lexislación concursal.
5. A listaxe de transferencias, adquisicións e cesións de dereitos federativos de xogadoras deberá ser asinada polos representantes legais do asociado e presentarase dentro do mes seguinte ao último do trimestre correspondente.
6. Adicionalmente presentarase conxuntamente a Declaración Responsable cuxo contido e formato se une como Anexo XI.

ARTIGO 39. DAS DÉBEDAS COS EMPREGADOS.

1. Os asociados deberán acreditar que na data final de cada semestre (31 de decembro e 30 de xuño) non existen débedas líquidas, vencidas e esixibles cos seus empregados.
2. Para os efectos deste Regulamento, enténdense por débedas pendentes de pagamento as definidas no Anexo IX.
3. Os asociados deberán cubrir e presentar unha listaxe de obrigas económicas no modelo que se une como Anexo X.
4. Deberase conciliar a débeda total da listaxe, de ser o caso, coa que figure rexistrada como tal nas correspondentes contas acreedoras das contas anuais.
5. A listaxe de obrigas económicas cos empregados deberá ser asinada polos representantes legais do asociado e presentarase dentro do mes seguinte ao último do trimestre correspondente xunto coa Declaración Responsable do Anexo XI.

ARTIGO 40. DAS DÉBEDAS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

1. Na data final de cada trimestre da tempada (30 de setembro, 31 de decembro, 31 de marzo e 30 de xuño), os asociados deberán acreditar o cumprimento das súas obrigas (tal como estas se definen no Anexo IX do presente Regulamento) coa Seguridade Social e as Autoridades Tributarias, achegando os modelos 110 e 300

(ou, de ser o caso, os que os substitúan) da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

2. Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, todos os asociados deberán presentar un certificado emitido polas administracións públicas correspondentes no que se faga constar, expresamente, que nas datas 30 de setembro, 31 de decembro, 31 de marzo e 30 de xuño non existen débedas pendentes de pagamento coa administración pública emisora do certificado.
3. Adicionalmente presentárase conxuntamente a Declaración Responsable cuxo contido e formato se une como Anexo XI.

CAPÍTULO QUINTO DO RÉXIME DISCIPLINARIO

ARTIGO 41. DO RÉXIME DISCIPLINARIO.

1. O incumprimento das obrigas e deberes establecidos neste Regulamento terán a consideración de infracción sancionable.
2. En canto ao réxime disciplinario, tipificación das infraccións, sancións e a súa gradación, resultará de aplicación o previsto nos Estatutos Sociais e no Regulamento Disciplinario de Liga F.

CAPÍTULO SEXTO DO COMITÉ DE CONTROL ECONÓMICO

ARTIGO 42. NATUREZA E FUNCÍONS.

O Comité de Control Económico é o órgano da LPFF encargado de verificar o adecuado cumprimento das normas de control económico e das normas e criterios para a elaboración dos orzamentos dos asociados, así como de impoñer as sancións que procedan en caso de incumprimento nesta materia.

Así mesmo, o Comité de Control Económico resolverá, en última instancia, as discrepancias que poidan xurdir como consecuencia dunha interpretación técnica das normas e criterios para a elaboración dos orzamentos dos afiliados.

ARTIGO 43. COMPOSICIÓN, REQUISITOS E NOMEAMENTO.

O Comité estará constituído por tres membros, os cales non ocuparán nin terán ocupado ningún cargo directivo nas últimas tres tempadas nin mantido ningunha relación laboral con ningunha Sociedade Anónima Deportiva ou Club dos adscritos á LPFF.

O nomeamento deberá recaer, en canto a dous dos seus membros, en economistas, censores xurados de contas ou auditores e, en canto ao outro membro, nun Licenciado ou Graduado en Dereito. Todos os seus membros deberán ter, polo menos, cinco anos de exercicio profesional.

Os membros do Comité serán nomeados pola Comisión Delegada da LPFF. Os mandatos terán unha duración de dúas tempadas deportivas e poderán ser renovados

por períodos sucesivos expresa ou tacitamente sen limitación temporal. De non existir acordo expreso en contrario, entenderase que os mandatos se renovan tacitamente ao final de cada tempada deportiva.

Os membros do Comité designarán de entre eles por maioría simple de votos unha persoa que exercerá a Presidencia. Exercerá a Secretaría do Comité, aínda que non terá voto, a Dirección Xeral da LPFF ou a persoa na que esta delegue.

CAPÍTULO SÉTIMO DO PROCEDEMENTO

Sección primeira

Procedemento

ARTIGO 44. XESTIÓN ADMINISTRATIVA DO PROCEDEMENTO.

A xestión técnica e administrativa dos procedementos de control económico derivados deste Regulamento recae na Dirección Xeral ou en quen esta delegue.

ARTIGO 45. COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS. REPRESENTANTE AUTORIZADO.

1. As comunicacións e notificacións de calquera clase realizaranse exclusivamente vía electrónica, incluída a presentación de calquera documento e outra información, solicitude ou resolución.
2. Liga F indicará un enderezo de correo electrónico desde o que emitirá as comunicacións e ao que se deberán remitir as que emita o asociado.
3. Os asociados designarán un ou máis representantes suficientemente autorizados (o representante autorizado) para:
 - a) Obrigar e actuar en nome do asociado.
 - b) Emitir e recibir todas as comunicacións e notificacións identificando un enderezo de correo electrónico.
 - c) Emitir as certificacións e declaracións responsables contempladas neste Regulamento.
4. Liga F poderá acordar a utilización da sinatura electrónica nas comunicacións.

ARTIGO 46. CÓMPUTO DE PRAZOS.

1. Salvo que se indique outra cousa, os prazos fixados en días cóntanse por días naturais.
2. Porén, se o último día do prazo coincide cun día inhábil en Madrid, o prazo ampliarase ao primeiro día hábil seguinte.

Sección segunda

Dos recursos

ARTIGO 47. RECURSOS.

1. Segundo o establecido no presente regulamento, contra as decisións da Dirección Xeral cabe recurso ante o Comité de Control Económico, que se deberá interpoñer no prazo de cinco días desde a notificación da decisión correspondente.
2. Contra os actos ditados polo Comité de Control Económico poderase interpoñer recurso ante o Comité de Segunda Instancia da Licenza UEFA da RFEF no prazo de dez días naturais contados desde a notificación da resolución.

O presente Regulamento de Control Económico foi aprobado pola Asemblea Xeral da LPFF na súa sesión do 19 de decembro de 2023 e ratificado por silencio administrativo por parte do Consello Superior de Deportes, e entrará en vigor tras a súa publicación na web da LPFF.

ANEXOS

ANEXO I: ORZAMENTO DE INGRESOS E GASTOS.

ANEXO II: ORZAMENTO DE INVESTIMENTOS E DESINVESTIMENTOS.

ANEXO III: ORZAMENTO DE FINANCIAMENTO.

ANEXO IV: ORZAMENTO DE TESOURARÍA.

ANEXO V MEMORIA EXPLICATIVA

ANEXO VI. DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO VII. CUSTO CADRO DE PERSOAL DEPORTIVO TEMPADA T-1

ANEXO VIII. COMPOSICIÓN E CUSTO CADRO DE PERSOAL DEPORTIVO TEMPADA T E A SÚA ACTUALIZACIÓN

ANEXO IX. DEFINICIÓNS

ANEXO X. FICHEIRO DE PAGAMENTOS SALARIAIS

ANEXO XI. DECLARACIÓN RESPONSABLE DÉBEDAS.